



| | | | |
|--|---|---------------------------------|--------------------|
|  XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA | PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO | Manual de Procedementos | |
| | IES DE RODEIRA Avda. de Ourense, s/n 36940 CANGAS Tfno. 986 30 39 33 e Fax 986 30 39 54 www.iesrodeira.com - ies.rodeira@edu.xunta.es | Proxecto Educativo de Centro | Código Revisión |
| | | Páxina 1 de 12 | |

INDICE

| | | |
|-----|---|----|
| 1 | Identificación | 2 |
| 1.1 | Nome do Centro | 2 |
| 1.2 | Contexto e Situación..... | 2 |
| 1.3 | Orixe | 4 |
| 1.4 | Titularidade | 4 |
| 1.5 | Oferta Educativa..... | 4 |
| 1.6 | Recursos Materiais | 6 |
| 1.7 | Alumnado e Recursos Humanos | 7 |
| 2 | Obxectivos | 8 |
| 3 | Regulamento de Réxime Interno | 9 |
| 4 | Organización do Centro..... | 10 |
| 4.1 | Organización Horaria | 11 |
| 5 | Modificación e Actualización do Proxecto Educativo de Centro..... | 12 |

| | | | | | |
|-----------|------------------|----------|--|----------|---|
| Elaborado | Consello Escolar | Revisado | Responsable de Calidade (José Manuel Covelo Piñón) | Aprobado | Director (José María Alén de la Torre) |
| Data | 18/5/2006 | Data | 21/5/2007 | Data | 21/5/2007 |

| | | | |
|--|--|---------------------------------|--------------------|
|  XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA | PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO | Manual de Procedementos | |
| | IES DE RODEIRA Avda. de Ourense, s/n 36940 CANGAS Tlfno. 986 30 39 33 e Fax 986 30 39 54 www.iesrodeira.com - ies.rodeira@edu.xunta.es | Proxecto Educativo de Centro | Código Revisión |
| | | Páxina 2 de 12 | |

1 IDENTIFICACIÓN

1.1 Nome do Centro

IES de Rodeira


1.2 Contexto e Situación

O instituto está situado na praia de Rodeira, de Cangas (Pontevedra), facilitado pola céntrica e boa situación do instituto e a dispoñibilidade de transporte público (barco/autobús) nítrese substancialmente da seguinte maneira:

- No tramo da ESO do alumnado do entorno, e dicir, de rapaces e rapazas da parroquia de Coiro e procedentes dos CEIPs de "Castrillón-Coiro" e "A Rúa", pero tamén daqueles que veñen das parroquias limítrofes de Cangas ou mesmo da parroquia moañesa de Tirán, aínda que dunha forma máis ocasional.
- No tramo de Bacharelato do alumnado propio procedente da ESO e doutros mozos e mozas procedentes de todas as parroquias do concello.
- No tramo de Ciclos Formativos (correspondentes as familias de Administrativo, Electrónica e Informática), de persoas procedentes de toda a comarca do Morrazo, dende Bueu até Domaio, e nun menor número de alumnos procedentes da cidade de Vigo.
- Nas ensinanzas de adultos (correspondentes a Alfabetización, Primaria, ESO, Ensinanzas non regradas e Ciclo Formativo de Informática) os alumnos proceden principalmente do Concello de Cangas, e incluso no caso do ciclo formativo de toda a comarca e mesmo de Vigo.

O municipio de Cangas cunha superficie de 38,11 quilómetros cadrados, aséntase nunha vertente da península do Morrazo, entre as rías de Vigo e Aldán, e posúe unha poboación que oscila en torno os 25.000 habitantes, distribuídos entre as cinco parroquias subliñadas. Cunha densidade media de 656 habitantes por quilómetro cadrado, é a segunda aglomeración urbana da ría, despois de Vigo.

O núcleo sitúase na ensinada de Cangas, limitada polas puntas Balea e Rodeira, ó pé dunha depresión escavada a expensas da fractura que diseca por esta parte a península. Atravésaa a carreiteira comarcal 550 Fisterra-Tui e comunícase por vía marítima con Vigo.

| | | | |
|--|--|---------------------------------|--------------------|
|  XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA | PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO | Manual de Procedementos | |
| | IES DE RODEIRA Avda. de Ourense, s/n 36940 CANGAS Tlfno. 986 30 39 33 e Fax 986 30 39 54 www.iesrodeira.com - ies.rodeira@edu.xunta.es | Proxecto Educativo de Centro | Código Revisión |
| | | Páxina 3 de 12 | |

O relevo organízase nunha rede oblicua de fracturas, cunha liña costeira moi articulada e accidentada na que destacan fermosas calas, cabos e praias. A súa temperatura suave, entre 10°C e 14,9°C de media xunto cos sinais descritos atraen a un turismo cada vez máis numeroso.

Esta localización xeográfica e a proximidade de Vigo é determinante na estrutura produtiva da súa economía. A tradición pesqueira segue sendo hoxe unha das principais fontes de riqueza, concentrando o 35 % da poboación ocupada. Trátase dunha pesca de baixura a que se une o sector mexilloeiro e de peixe conxelado. A esta actividade engádese o traballo que proporcionan as empresas de transformación (construción de embarcacións deportivas, cordelerías e fábricas de conservas) e ultimamente as de construción e obras públicas.

Posúe ase mesmo Cangas un importante sector terciario que ocupa un 34% da poboación activa, baseado no comercio maiorista e minorista especializado, unido a unha intensa actividade hosteleira, derivada do turismo.

A crise dos sectores pesqueiro, conserveiro e naval repercutiu nun incremento da poboación xubilada e en paro. Pese a isto, a poboación segue crescendo debido a xuventude dos seus membros (os menores de 15 anos supoñen en torno a un 28%), aínda que o ritmo non é o mesmo que en décadas anteriores.


Esta localización xeográfica xunto co estrato da súa poboación enmarcan as peculiaridades do centro.

O instituto está situado nunha vila que tivo tradicionalmente o galego como lingua habitual. A exclusión da nosa lingua dos ámbitos oficiais, moi en especial da escola, acentuou un proceso de castelanización que afectou á transmisión xeracional. Aínda así, o galego é hoxe unha lingua viva e recoñecida como propia nos organismos institucionais. O abandono da lingua propia é maior nos nenos e mozos pero aínda neles permanece latente, sendo perfectamente capaces de utilizalo e de comprendelo. Obsérvase tamén unha certa tendencia a recuperar a lingua propia ao chegar á madurez.

A dirección postal do centro é a seguinte:

Avda. de Ourense s/n
36940 Cangas do Morrazo

O instituto dispón de páxina WEB no enderezo www.iesrodeira.com

| | | | |
|--|--|---------------------------------|--------------------|
|  XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA | PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO | Manual de Procedementos | |
| | IES DE RODEIRA Avda. de Ourense, s/n 36940 CANGAS Tlfno. 986 30 39 33 e Fax 986 30 39 54 www.iesrodeira.com - ies.rodeira@edu.xunta.es | Proxecto Educativo de Centro | Código Revisión |
| | | Páxina 4 de 12 | |

1.3 Orixe

O IES de Rodeira , nacido como IESP (Instituto de Educación Secundaria e Profesional) no curso escolar 1990-91, foi pensado para dar resposta á escolarización do alumnado da área do Concello de Cangas (parroquias de Coiro, Cangas, Darbo, Aldán e Hio).

1.4 Titularidade

Pública

1.5 Oferta Educativa

ENSINANZAS DO RÉXIME ORDINARIO

Educación Secundaria Obrigatoria:

- 1º ciclo: 1º e 2º cursos
- 2º ciclo: 3º e 4º cursos

Bacharelato:

- Tecnolóxico: 1º e 2º cursos
- Ciencias: 1º e 2º cursos
- Humanidades e Ciencias Sociais: 1º e 2º cursos, coas opcións de Humanidades e de Ciencias Sociais


Formación Profesional:

Ciclos de Grao medio:

- Familia Administración: Xestión Administrativa
- Familia Electricidade e Electrónica: Equipos Electrónicos de Consumo

Ciclos de Grao Superior:

- Familia Administración: Administración e Finanzas
- Familia Informática: Administración de Sistemas Informáticos
- Familia Electricidade e Electrónica: Sistemas de Telecomunicación e Informáticos

| | | | |
|--|---|------------------------------------|--------------------|
|  XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA | PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO | Manual de Procedementos | |
| | IES DE RODEIRA Avda. de Ourense, s/n 36940 CANGAS Tfno. 986 30 39 33 e Fax 986 30 39 54 www.iesrodeira.com - ies.rodeira@edu.xunta.es | Proxecto Educativo de Centro | Código Revisión |

ENSINANZAS DO RÉXIME DE ADULTOS

A. ENSINANZAS BÁSICAS INICIAIS:

Nivel I, Alfabetización:

- Duración dun curso académico

Nivel II, Ensinanza Primaria:

- Duración dun curso académico

B. ENSINANZAS SECUNDARIAS:

Nivel III, Ensinanza Secundaria Obrigatoria:

- 1º, 2º, 3º e 4º cursos
- Duración de catro catrimestres

C. FORMACIÓN PROFESIONAL:

- Familia Informática: Administración de Sistemas Informáticos (nocturno)


D. ENSINANZAS NON REGRADAS:

- Cursiños de Informática (Iniciación, Ofimática, Deseño gráfico)
- Obradoiro de Escritura
- Actividades de Animación Sociocultural
- Cultura Galega
- Taller de Inglés
- Taller de Francés
- Paseos Pedagóxicos
- Fotografía e Imaxe
- Ximnasia de Mantemento
- Taller de Debuxo
- Lingua para estranxeiros

OUTRAS ENSINANZAS

Escola Oficial de Idiomas:

- 1º, 2º e 3º cursos de Lingua Inglesa (Ciclo Elemental)

| | | | |
|--|--|---------------------------------|--------------------|
|  XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA | PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO | Manual de Procedementos | |
| | IES DE RODEIRA Avda. de Ourense, s/n 36940 CANGAS Tlfno. 986 30 39 33 e Fax 986 30 39 54 www.iesrodeira.com - ies.rodeira@edu.xunta.es | Proxecto Educativo de Centro | Código Revisión |
| | | Páxina 6 de 12 | |


1.6 Recursos Materiais

O IES de Rodeira ten un gran edificio de 3 andares adicados a aulas e talleres, pavillón de deportes e unha ampla zona de lecer.

O instituto dispón dunha superficie de 8.000 m² e está dotado das instalacións seguintes:

Interiores:

- 6 Aulas de Informática
- 3 Talleres de Electrónica
- 2 Talleres de Tecnoloxía
- Laboratorio de Física
- Laboratorio de Química
- Laboratorio de Bioloxía e Xeoloxía
- Aula de Música
- Aula de Plástica
- Aula de Audiovisuais
- 18 Aulas de Uso Xeral
- Aula Polivalente
- Aula de Orientación
- Aula de Agrupamentos
- Laboratorio de Idiomas
- Sala de Usos Múltiples
- Biblioteca
- Cafetería
- Sala de Profesores
- 12 Despachos para Departamentos
- 3 Despachos para Dirección
- Secretaría
- Conserxería
- 2 Salas de Titorías
- 7 Almacéns
- Sala de Caldeiras
- Baño de Discapacitados
- 15 Baños
- Vestiario e Almacén das Limpadoras
- Ascensor
- Sala de Ascensor
- Casa do Conserxe

| | | | |
|--|--|---------------------------------|--------------------|
|  XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA | PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO | Manual de Procedementos | |
| | IES DE RODEIRA Avda. de Ourense, s/n 36940 CANGAS Tlfno. 986 30 39 33 e Fax 986 30 39 54 www.iesrodeira.com - ies.rodeira@edu.xunta.es | Proxecto Educativo de Centro | Código Revisión |
| | | Páxina 7 de 12 | |

Exteriores:

- Pavillón (con vestiarios, almacén deportivo e despacho para departamento)
- Pistas Polideportivas
- Xardíns
- Aparcamento

Anexo da escola de adultos:


- 2 Aulas de uso xeral
- 3 Baños
- Despacho

1.7 Alumnado e Recursos Humanos

No instituto traballamos 102 persoas entre profesorado e persoal de administración e servizos. A plantilla presenta un alto grao de estabilidade e está distribuída da seguinte maneira:


- 92 profesores
- 3 administrativos
- 3 subalternos
- 4 limpadoras

A media de alumnado dos últimos anos é de 1.300, repartidos entre Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Ciclos Formativos, Educación para Adultos e 1º ciclo de Inglés (EOI).

| | | | |
|--|--|---------------------------------|--------------------|
|  XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA | PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO | Manual de Procedementos | |
| | IES DE RODEIRA Avda. de Ourense, s/n 36940 CANGAS Tlfno. 986 30 39 33 e Fax 986 30 39 54 www.iesrodeira.com - ies.rodeira@edu.xunta.es | Proxecto Educativo de Centro | Código Revisión |
| | | Páxina 8 de 12 | |

2 OBXECTIVOS


- Crear un ambiente de estudo propio dun centro de ensino. Trátase de conseguir un espazo no que se poida desenvolver un labor de ensino e aprendizaxe, polo que todo o recinto escolar deberá estar limpo, as clases en orde e non se produciran rúidos ou berros en todo o edificio e especialmente nos corredores, nas aulas e na biblioteca; e mesmo no patio durante os períodos de clase.
- O esforzo e o espírito de superación por parte do alumnado constituíran o eixo de aprendizaxe dos alumnos. Así mesmo e na medida do posible apoiaranse todas as medidas de atención á diversidade.
- Formar os alumnos nos valores de solidariedade, de xustiza, de tolerancia, de diálogo e de obediencia para poder integralos nunha sociedade democrática como a que lles toca vivir. Trátase de cumprir as normas de convivencia establecidas, de participar na modificación de ditas normas, de obedecer á autoridade, de respectar aos demais, de valorar a nosa sociedade do benestar e de coñecer as consecuencias que o comportamento inadecuado teñen.
- Compromiso co pobo de Cangas e coa comarca do Morrazo para dar resposta ás necesidades educativas e ás diferentes demandas de formación laboral da bisbarra, ofrecendo un centro de calidade tanto no ensino coma na organización e funcionamento do centro, que integre tanto as demandas de formación inicial como as de formación ao longo de toda a vida de todos os seus habitantes.
- Garantir que o proceso de ensino-aprendizaxe se realice en galego como mínimo no 50% das materias de cada curso e desenvolver proxectos que apoiem o uso do galego tanto nos ámbitos cultos como no uso informal,
 - fomentando o sentimento de pertenza e estima a unha comunidade cunha cultura e unha lingua de seu;
 - valorando a lingua propia como unha riqueza cultural que ofrecer ao mundo da que somos responsábeis porque a súa supervivencia depende de nós.
- A comunidade educativa apoiará con todos os medios a seu alcance aquelas iniciativas que, nos segmentos de ocio tenda ao desenvolvemento físico, cognitivo, cultural ou de convivencia propostas por calquera membro da comunidade educativa, teñan estas carácter competitivo ou puramente lúdico, sempre que non impidan o normal funcionamento do centro e non sexan incompatibles coas obrigas de cada quen.

| | | | |
|--|--|---------------------------------|--------------------|
|  XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA | PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO | Manual de Procedementos | |
| | IES DE RODEIRA Avda. de Ourense, s/n 36940 CANGAS Tlfno. 986 30 39 33 e Fax 986 30 39 54 www.iesrodeira.com - ies.rodeira@edu.xunta.es | Proxecto Educativo de Centro | Código Revisión |


- A integración das persoas inmigrantes, tanto dos rapaces en idade de escolarización coma dos adultos e familiares que chegan a nosa sociedade. Trátase de ensinar a todas estas persoas o noso idioma, expoñer os nosos costumes, as nosas festas, e en definitiva todas aquelas cousas que constitúen a nosa cultura; e tamén aprender deles cales son os seus costumes e forma de entender a vida a fin de que partindo do mutuo coñecemento todos sexamos capaces de comprendernos e non de xulgarnos uns a outros.
- A comunidade educativa controlará ao alumnado durante toda a xornada escolar.
- A biblioteca constituirase como un espazo de traballo e silencio no que o alumno, fóra dos períodos con clase, accederá á información e a outros recursos para o seu aprendizaxe, así como formación no uso crítico de dita información.


3 REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

Este documento, pola súa extensión, está a disposición de calquera membro da comunidade educativa como anexo [NM50EST101](#) a este documento.

| | | | |
|---|--|-------------------------------------|--|
|  XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA | PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO | Manual de Procedementos | |
| | IES DE RODEIRA Avda. de Ourense, s/n 36940 CANGAS Tlfno. 986 30 39 33 e Fax 986 30 39 54 www.iesrodeira.com - ies.rodeira@edu.xunta.es | Proxecto Educativo de Centro | Código NM50EST100 Revisión 1.00 |

4 ORGANIZACIÓN DO CENTRO



| | | | |
|--|--|---------------------------------|--------------------|
|  XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA | PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO | Manual de Procedementos | |
| | IES DE RODEIRA Avda. de Ourense, s/n 36940 CANGAS Tlfno. 986 30 39 33 e Fax 986 30 39 54 www.iesrodeira.com - ies.rodeira@edu.xunta.es | Proxecto Educativo de Centro | Código Revisión |
| | | Páxina 11 de 12 | |

4.1 Organización Horaria


A distribución das horas de clase é a seguinte:

| MAÑÁ | | |
|-------------|---------|----|
| 8:30-9:20 | | 1 |
| 9:20-10:10 | | 2 |
| 10:10-10:30 | RECREEO | 3 |
| 10:30-11:20 | | 4 |
| 11:20-12:10 | | 5 |
| 12:10-12:30 | RECREEO | 6 |
| 12:30-13:40 | | 7 |
| 13:40-14:10 | | 8 |
| TARDE | | |
| 16:00-16:50 | | 9 |
| 16:50-17:40 | | 10 |
| 17:40-18:30 | | 11 |
| 18:30-18:50 | RECREEO | 12 |
| 18:50-19:40 | | 13 |
| 19:40-20:30 | | 14 |
| 20:30-20:50 | RECREEO | 15 |
| 20:50-21:40 | | 16 |
| 21:40-22:30 | | 17 |

As clases de réxime ordinario impártense durante todas as mañás de 8:30 a 14:10 e a maiores unha ou dúas tardes dependendo de se son alumnos da ESO ou Bacharelato, ou ben de Ciclos Formativos, da seguinte maneira:

- ESO e Bacharelato: tarde do luns.
- Ciclos Formativos de grado medio Equipos Electrónicos de Consumo e de grado superior Sistemas de Telecomunicación e Informáticos: martes e xoves pola tarde.
- Ciclos Formativos de grado medio Xestión Administrativa e de grado superior Administración e Finanzas: martes e xoves pola tarde.
- Ciclos Formativos de grado superior Administración de Sistemas Informáticos no 1º curso: martes e xoves pola tarde.
- Ciclos Formativos de grado superior Administración de Sistemas Informáticos no 2º curso: luns e mércores pola tarde.

As clases de réxime de adultos impártense durante todas as tardes de 16:00 a 22:30.

| | | | |
|--|---|---------------------------------|--------------------|
|  XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA | PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO | Manual de Procedementos | |
| | IES DE RODEIRA Avda. de Ourense, s/n 36940 CANGAS Tfno. 986 30 39 33 e Fax 986 30 39 54 www.iesrodeira.com - ies.rodeira@edu.xunta.es | Proxecto Educativo de Centro | Código Revisión |
| | | Páxina 12 de 12 | |

5 MODIFICACIÓN E ACTUALIZACIÓN DO PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

1. Este documento será modificado ou actualizado sempre que o acorde a maioría absoluta dos membros do Consello Escolar.
2. Este documento foi aprobado por maioría absoluta dos membros na sesión do Consello Escolar do IES de Rodeira celebrada o día 18 de maio de 2006.